



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PONTEDEUME

Aprobación inicial da Ordenanza reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións do concello de Pontedeume

ANUNCIO

Aprobación inicial da “Ordenanza reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións do concello de Pontedeume”

O Pleno do Concello de Pontedeume, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de xuño de 2021, aprobou inicialmente a “Ordenanza reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións do concello de Pontedeume”

De conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública e audiencia dos interesados, polo prazo de trinta días, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña para que poida ser examinado o expediente e presentar as reclamacións e xustificacións que se estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios, portal web e na sede electrónica deste Concello: <http://www.pontedeume.gal>

No suposto de que non se tiveran presentado reclamacións ou suxestións durante o trámite de información pública, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co que se establece no artigo 49 c) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, procedéndose á publicación á que fai referencia o artigo 70.2 desta lei.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume a 5 de xullo de 2021.

2021/5528